

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de abril de 2022**

Ás 17.30 horas do día 21 de abril de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Luz Doporto Real

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona Luz Doporto Real).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de marzo de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 17 de marzo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** procede a dar resposta ás preguntas formuladas na comisión pasada. Indica, respecto á pregunta formulada por don Bernardo Varela sobre os canons de inhibición de Manzaneda, que esa pregunta a fixo Aurentino Alonso no Pleno no mes de xaneiro e o Sr. presidente deu lectura a un informe que fixeron da estación de montaña. Indica que trae copia do informe por non repetilo. Respecto á pregunta formulada por dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, sobre o Programa Esquiou, no que consultaba como fora se non había neve, indica que trae un informe de final de campaña do dito programa neste ano 2022. Dá lectura ao dito informe indicando que houbo 7 quendas de acollida de rapaces, a primeira do 24 ao 26 de xaneiro, cun total de 18 participantes de Terras de Celanova e Baixa Limia e fixeron actividades de montaña; unha segunda quenda do 31 de xaneiro ao 2 de febreiro, onde participaron das comarcas de Allariz, Maceda e A Limia un total de 91 participantes e 5 profesores; unha terceira quenda do 7 ao 9 de febreiro da comarca do Ribeiro e do Carballiño, un total de 98 participantes e 5 profesores; unha cuarta quenda do 14 ao 16 de febreiro onde participaron das comarcas de Verín e Viana, un total de 79 participantes e 6 profesores; unha quinta quenda, do 21 ao 23 de febreiro da comarca do Barco e da Rúa, un total de 77 participantes e 5 profesores; unha sexta quenda do 28 de febreiro ao 2 de marzo, onde participaron 105 nenos de Ourense; e unha sétima quenda do 7 ao 9 de marzo da comarca de Castro Caldelas e Trives cun total de 84 participantes e 5 profesores. En total nestas sete quendas houbo 552 participantes e 26 profesores. Como a climatoloxía non axudou e non houbo neve, fixeron actividades de montaña alternativas de multiaventura, tiro con arco, piscina, pavillón. O programa funcionou neste ano 2022, e quizás houbo algunha baixa debido á pandemia. Outra pregunta que fixo dona Margarita Pérez Fernández do Grupo Socialista na anterior comisión, era a relativa á resolución do contencioso-administrativo que anulaba a adxudicación do contrato de Manzaneda. Consultados os servizos xurídicos de MEISA, indicáronnos que se interpuxo un recurso de

apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e estamos á espera de que se resolva ese procedemento. Unha última pregunta que fixo dona Susana Rodríguez Estévez sobre os criterios para elixir os concellos onde se desenvolvía o programa “Hai un Ourense para ti”, indica que ten un informe que nos fixeron na área correspondente da Deputación, sobre os criterios de determinación da localización, no que se indica que o criterio para a localización das cámaras contadoras de persoas responde a puntos do camiño de Santiago que percorre a provincia de Ourense, indicando a localización nos diferentes concellos. Outro compoñente sobre as cámaras do tracking de vehículos, o criterio de localización das cámaras responde a puntos de acceso a distintas localidades nas principais arterias de afluencia de vehículos, e os núcleos que abrangue. Outro compoñente sobre as cámaras panorámicas, o criterio para a súa localización responde a puntos con interese turístico repartidos por toda a provincia, indicando os concellos que abrangue. Outros compoñentes de contidos dixitais, 3D destaca o vídeo polo canon do Sil. O resto de compoñentes son de ámbito global para toda a provincia. Remata o informe indicando que a empresa pode variar, por criterios técnicos, a localización coa autorización de RED.ES.

Don Bernardo Varela López, do BNG, indica que na última modificación orzamentaria se recolle un importe dun millón cincocentos mil euros como préstamo participativo para MEISA, e entende que haberá outro millón e medio por parte da Xunta de Galicia para o mesmo fin, e iríamos á cantidade de tres millóns de euros este ano en préstamo participativo para MEISA. Engade que lle gustaría saber se isto iría dedicado a algún plan de melloras na propia estación ou se só vai ser para gastos de funcionamento. Engade que entenden que correspondería lanzar un novo concurso para a xestión desta instalación. Na última oportunidade quedou deserta e se xustificou que se daba a unha empresa para que puidera abrirse para a tempada de neve, xa que un día se conectaron os canóns e só funcionaron dous. Entenden que habería que iniciar o concurso para non dar unha adxudicación en precario, como semella que foi esta, cun tempo amplo para que se poidan presentar as distintas alternativas. E se nesa fase inicial do concurso non hai quen cumpra os requisitos, poder facer unha nova fase de concurso para ver quen pode xestionar MEISA, porque se o nivel de xestión é meter tres millóns de euros todos os anos e algo que non acaba de callar, haberá que pensar que se fai con esta instalación.

E, ás 17.43 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.